



## **"BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE 2 PEÓNS CONDUCTORES PARA A BRIGADA DE VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da convocatoria é levar a cabo o desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso dos recursos que se inclúen na addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Santa Comba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente de Distrito competente en materia forestal.

Dado que dentro da época de perigo alto o IRDI varía en función da situación meteorolóxica, do estado da biomasa vexetal e do estado do solo, os medios que se inclúen poderán desenvolver:

-Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúa o concello. Así mesmo, cando concurran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

-Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

### **2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN**

Contrato laboral, para a realización dunha obra ou servizo determinado a tempo completo durante a campaña estival que abrangue un período de operatividade de 3 meses (cláusula décima do convenio) a contar dende a formalización do contrato de traballo regulado no artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Consta existencia de crédito no expediente e o salario bruto mensual das prazas ascende a 1.108,33 euros.

### **3. PUBLICIDADE**

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, nun diario dos de maior difusión, na páxina web municipal así como mediante bando municipal.

### **4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguardia dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexanmenores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de jubilación forzosa. Sólo por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

e.- Estar en posesión do certificado de escolaridade (anterior a LOGSE), título de graduado en eso ou equivalente.

f.- Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g.- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes. Deberá aportar declaración xurada na que se declare que está APTO para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo.

h.- Estar en posesión do carné B.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

## **5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 8:30 a 14:30 de luns a venres), ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716. O que non presente a instancia por fax antes de rematar o derradeiro día de presentación de instancias decaerá nos seus dereitos de poder participar no proceso selectivo.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida no punto 4.

c) Fotocopia compulsada do carné B.

d) Declaración xurada na que se declare que está APTO para a realización das funcións propias do posto de traballo.

e) declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes, que deberán ser orixinais ou copias cotexadas.

g) Acreditación documental de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega requerido.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde-presidente, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indícarase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas causas da exclusión e concederá un prazo de dous días naturais para que poidan formular reclamacións ou enmendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello e na páxina web municipal. A devandita



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indícase a data, lugar e comenzo da fase de concurso.

## **6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

O sistema selectivo elixido será o de oposición.

## **FASE DE OPOSICIÓN:**

A fase de oposición constará de catro exercizos:

PRIMEIRO EXERCIZO: proba física de esforzo, que consiste na proba do banco.

### Descrición da proba do banco

Esta proba terá a cualificación de APTO/NON APTO e consiste en subir e baixar repetidamente dun banco durante un período de 5 minutos a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto).

O consumo máximo de osíxeno faise en base ao sexo, intensidade do esforzo, a frecuencia cardíaca, o peso e a idade.

Comézase a proba do banco subindo e baixando do mesmo en cadencia co metrónomo

O banco é de 40 cm para os homes e de 33cm para as mulleres.

A proba comezará subindo e baixando do banco en cadencia co metrónomo. Cada catro pulsacións do metrónomo representan un ciclo completo de subir e baixar do banco. Cada pulsación do metrónomo representa un único paso así:

- Subir ao banco co pé dereito.
- Subir ao banco co pé esquerdo.
- Baixar do banco co pé dereito.
- Baixar do banco co pé esquerdo.

O pé dianteiro debe cambiarse varias veces ao longo da proba. Para unha boa execución do exercicio débese estender as pernas no punto máis elevado de cada ascensión ao banco.

Esta proba terá unha duración de 5 minutos por persoa; ao finalizar a persoa examinada deberá sentarse inmediatamente durante 15 segundos e a continuación procederase a tomar o pulso.

O pulso medirase durante 15 segundos, entre o segundo 15 e 30 despois dos 5 minutos da proba.

Usarase o peso do propio corpo e o valor do pulso obtido entre os 15 e 30 segundos.

O pulso pode tomarse no cuello ou na muñeca.

Despois da proba calcularase o **coeficiente de saúde** ( ver tabla).

Co valor do coeficiente de saúde e a idade, calcularase o valor do consumo máximo de osíxeno para calcular a **capacidade aeróbica**.

Os cálculos de consumo máximo de osíxeno podense efectuar seguindo as tablas feitas por o Equipment Development Center, USDA, S.F. (United States Department of Agriculture, Forest Service), que son as que se utilizar normalmente.

O Coeficiente da proba se é igual ou maior de 40 APTO.

O Coeficiente da proba se é menor de 40 NON APTO.

Para superar o segundo exercizo da fase de oposición, é necesario acadar a cualificación de APTO, quedando excluídos os/as opositores que obteñan a cualificación de NON APTO.

SEGUNDO EXERCIZO: Proba de coñecemento da lingua galega: Para o caso de que as persoas que non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (celga 1 ou equivalente), deberán superar unha proba de coñecementos de lingua galega (escrita) dirixida á comprobación por parte do tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego, ao nivel esixido, sendo sometidos ás probas que se consideren máis axeitadas. Esta proba terá a cualificación de apto ou non apto; sendo necesario obter a cualificación de apto para continuar o proceso de selección.

TERCEIRO EXERCIZO: Proba escrita de coñecementos: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 25 preguntas con tres respostas alternativas, das que só unha resposta será a correcta e que terán relación co temario que figura nas bases nun tempo máximo de 50 minutos. Poderá consistir en preguntas teóricas e prácticas. A puntuación do exercizo valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para superar o exercizo. O temario sobre o que versará o exame é o seguinte:



# CONCELLO DE SANTA COMBA

## TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

### **Temario Xeral**

Tema 1.- A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois e liberdades públicas.

Tema 2.- A Coroa. As Cortes Xerais.

Tema 3.- O Goberno e a Administración.

Tema 4.- Organización Territorial do Estado na Constitución. A Administración Autonómica: os Estatutos de Autonomía. A Administración Local.

Tema 5.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente.

Tema 6.- A Lei de Prevencións de Riscos Laborais. Seguridade de edificios públicos.

Tema 7.- Coñecementos da Lei de prevención de Riscos Laborais.

Tema 8.- Coñecementos do municipio de Santa Comba

### **Temario específico:**

Tema 1.- Natureza do lume. Axentes extintores. A auga-escumas. Extintores.

Tema 2.- Incendios forestais. Instalacións fixas. Vehículos contra incendios.

Tema 3.- Actividades do servizo de extinción de incendios e salvamento. Construcción e incendios. Apeos e apuntalamentos.

Tema 4.- Prendas de protección persoal. Material de rescate e salvamento. Transmisións.

Tema 5.- Primeiros auxilios. Planos de emerxencia. Sinalización.

As respostas incorrectas non contarán negativo. Cada pregunta correcta terá unha puntuación de 0,40 puntos, sendo o máximo de puntuación a acadar dez puntos.

### **CUARTO EJERCIZO: Proba de recoñecemento médico.**

Esta proba terá a cualificación de Apto/Non apto.

Aqueles opositores que superaron os tres primeiros exercizos, terán que someterse a un recoñecemento médico que será efectuado por facultativos especialistas co fin de garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercizo das funcións propias do posto para o que sexan contratados.

Para superar este exercizo terase que acadar a cualificación de APTO, quedando excluídos do proceso de selección os que obteñan a cualificación de NON APTO.

Só farán o recoñecemento médico os catro primeiros opositores por orde de puntuación a efectos de que se contraten os dous opositores con maior nota e que resulten aptos no recoñecemento médico e dous suplentes por si se producira algunha baixa ou outro inconvinte.

### **7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL**

De conformidade co artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal estará composto por 5 membros funcionarios/as de carreira: 1 presidente, 1 secretario e 3 vogais.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou no artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estos limitaranse únicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

## **8.-PUNTUACIÓN FINAL**

Os/as candidatos/as seleccionados/as serán os que obteñan as dúas mellores puntuacións na fase de oposición.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

Os/as aspirantes seleccionados/as previamente a súa contratación, e no prazo de dous días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

## **9.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan as dúas mellores puntuacións. O contrato formalizarase por escrito cos/as aspirantes seleccionados/as. Mentres non se formalice o contrato, os/as aspirantes propostos/as non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Real decreto lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

## **10.- RECURSOS**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SANTA COMBA con dirección en C/Pza. Concello, 1 - 15840 Santa Comba (A CORUÑA).

**1.- finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para o presente proceso selectivo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

**Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse mentres se manteña o proceso en curso e durante o tempo que marque a Lei.

**2.- lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo Art. 6.1.C do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016, Art. 5.1 Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Art. 49.D da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**3.-destinatarios de cesións:** os seus datos de carácter persoal non podrán ser cedidos.

**4.- dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA de XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Santa Comba,

O ALCALDE,

Asdo.: David Barbeira García